



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a los problemas para realizar trámites online en el SEPE.**

Las personas trabajadoras del SEPE han hecho pública la denuncia de que el servicio ha establecido un horario para la realización de los trámites online que se limita al horario laboral, de ocho de la mañana a ocho de la tarde, impidiendo el acceso a la sede electrónica para cualquier gestión, como pueden ser los trámites para el reconocimiento de una prestación, la prórroga semestral de subsidios o la declaración anual de rentas. Precisamente, la ventaja de la gestión a través de medios telemáticos es la posibilidad de realizarlos en cualquier momento, incluso fuera del horario laboral, por lo que resulta absurdo que se limite su operatividad.

Desde el Ministerio se ha alegado que se trata de una incidencia temporal mientras se lleva a cabo la modernización del sistema informático; sin embargo, el servicio lleva tiempo en esta situación sin que se hayan producido avances para la recuperación de la operatividad de la sede electrónica de forma permanente.

Asimismo, cabe recordar que la implantación del sistema ALMA está reportando también numerosos fallos informáticos que dejan colgados los trámites iniciados por el personal y que no permiten una conexión segura. De hecho, la nueva herramienta, como ya advirtió el BNG hace meses, no ha supuesto un mayor grado de modernización ni de agilización; todo lo contrario, los tiempos de tramitación de los expedientes han aumentado debido a los cortes habituales.

Además, cabe destacar que en los últimos cuatro años el SEPE ha perdido en Galicia unas 85 personas empleadas públicas que, sumadas a los 155 puestos vacantes, implican una reducción significativa de personal, que se muestra insuficiente para atender los servicios de forma adecuada.

En su respuesta al BNG del pasado septiembre, el Ministerio destacaba su «compromiso para mantener el servicio presencial» y alegaba que «con el objeto de reforzar el personal y



cubrir los puestos vacantes, se aplican continuamente medidas como la inclusión de plazas en las ofertas de empleo público, las convocatorias de concursos de traslados o las solicitudes de nombramientos de personal funcionario interino». Y añadía que el SEPE estaba pendiente de la incorporación de 679 personas procedentes de la tasa adicional de estabilización, aunque no indicó cuántas corresponderían a Galicia.

En definitiva, es preciso adoptar las medidas necesarias para dotar al SEPE de los recursos materiales y los medios humanos necesarios para atender a las personas usuarias

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las razones de que la sede electrónica del SEPE solo permita realizar trámites online en un horario limitado de 8:00 a 20:00?
2. ¿Prevé la recuperación del horario continuado en la sede electrónica? ¿Cuándo considera el Gobierno que serán retiradas las limitaciones horarias a la tramitación electrónica?
3. ¿Prevé el Ministerio incrementar el personal en las oficinas del SEPE en Galicia este año? ¿De ser así, cuándo se va a hacer y en qué oficinas?
4. ¿Es consciente el Ministerio de la necesidad imperiosa de dar una solución a los problemas técnicos y de personal que permita atender adecuadamente y de forma ágil los trámites para la obtención de prestaciones o subsidios?
5. ¿Ha realizado un análisis sobre las causas de los fallos continuados del sistema operativo informático ALMA? ¿Qué acciones ha puesto en marcha para resolver los problemas de la herramienta? ¿Cuándo considera que estarán solucionados?

Madrid, a 21 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 ABR. 2026 16:13:17

Entrada **111790**

Sobre a limitación horaria para a realización de trámites telemáticos no SEPE

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos problemas para realizar trámites online no SEPE**.

As persoas traballadoras do SEPE veñen de facer pública a denuncia de que o servizo estableceu un horario para a realización dos trámites online que se limita ao horario laboral, de oito da mañá a oito da tarde, impedindo o acceso á sede electrónica para calquera xestión, como pode ser os trámites para o recoñecemento dunha prestación, a prórroga semestral de subsidios ou a declaración anual de rendas. Precisamente, a vantaxe da xestión a través de medios telemáticos é a posibilidade de realizalos en calquera momento, mesmo fora do horario laboral, polo que resulta absurdo que se limite a súa operatividade.

Desde o Ministerio tense alegado que se trata dunha incidencia temporal mentres se fai a modernización do sistema informático, porén, o servizo leva tempo nesta situación sen que se teñan producido avances para a recuperación da operatividade da sede electrónica de forma permanente.

Así mesmo, cabe lembrar que a implantación do sistema ALMA está a reportar tamén numerosos fallos informáticos que deixan colgados tamén os trámites iniciados polo persoal e que non permiten unha conexión segura. De feito a nova ferramenta, como xa advertiu o BNG hai meses, non trouxo un maior grao de modernización nin axilización, todo o contrario, os tempos de tramitación dos expedientes aumentaron debido aos habituais cortes.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 ABR. 2026 16:13:17

Entrada **111790**



Ademais cabe destacar que nos últimos catro anos o SEPE perdeu na Galiza unhas 85 persoas empregadas públicas que, sumados aos 155 postos vacantes, implica unha redución do persoal significativa, que se mostra insuficiente para atender os servizos de forma adecuada.

Na súa resposta ao BNG de setembro pasado, o Ministerio salientaba o seu “compromiso para manter o servizo presencial” e alegaba que “co obxecto de reforzar o persoal e cubrir os postos vacantes, continuamente se aplican medidas como a inclusión de prazas nas ofertas de emprego público, as convocatorias de concursos de traslados ou as solicitudes de nomeamentos de persoal funcionario interino”. E engadiu que SEPE estaba pendente da incorporación de 679 persoas procedentes da taxa adicional de estabilización, malia que non indicou cantas serían na Galiza.

En definitiva, é preciso adoptar as medidas precisas para dotar ao SEPE dos recursos materiais e os medios humanos necesarios para atender ás persoas usuarias.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cales son as razóns de que a sede electrónica do SEPE só permita realizar trámites online nun horario limitado de 8h a 20h?
2. Prevé a recuperación do horario continuado na sede electrónica? Cando considera o Goberno que serán retiradas as limitacións horarias á tramitación electrónica?
3. Prevé o Ministerio incrementar o persoal nas oficinas do SEPE na Galiza neste ano? De ser así, cando se vai facer e en que oficinas?
4. É consciente o Ministerio da necesidade imperiosa de dar unha solución aos problemas técnicos e de persoal que permita atender adecuadamente e de forma áxil, os trámites para a obtención de prestacións ou subsidios?



5. Ten realizado unha análise sobre as causas dos fallos continuados do sistema operativo informático ALMA? Que accións puxo en marcha para resolver os problemas da ferramenta? Cando considera que estarán solucionados?

Madrid, a 21 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso